



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 02 DE ABRIL DO 2024.

Sesión 06/2024-P

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p>Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González</p> <p>Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p>Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p><u>NON ASISTE</u></p> <p>D. Marcos Villar López (SM)</p> <p><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día martes 02 de abril do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
--	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario correspondente ao mes de marzo do 2024 do Concello de Sada que indica que por razón das festividades da Semana Santa foi trasladado ao segundo día hábil posterior, que é hoxe día 02 de abril.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesión núm. 05/2024).

Pola Presidencia preguntáse aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 05/2024, ordinaria do 29 de febreiro; non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta,



ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO PLENARIO DO 28.12.2023, DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RPT PRESENTADO O 15.02.2024.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral, do 21 de marzo do 2024, que recolle literalmente:

«Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 28.12.2023 de aprobación definitiva da modificación da RPT, presentado o 15.02.2024, con base nos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaría.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado».

Ábrese o debate, no que interveñen a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, quen logo de desculpar a ausencia do sr. Villar López (SM) anuncia que o seu grupo ha votar en contra; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), quen expón que han escoitar os diferentes grupos antes de se pronunciar; a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA); e pecha o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE).
- Votos en contra: 6 SM.
- Abstencións: 1 GM-BNG.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 28.12.2023 de aprobación definitiva da modificación da RPT, presentado o 15.02.2024, con base nos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaría.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

3º.- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE SADA.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), xustifica a urxencia de incluír este asunto na orde do día en que remata o contrato o 01 de xuño e hai opcións de prorrogalo un ano máis un ano e polo tanto trátase de exercer a opción da primeira prórroga aínda que non fose necesario esgotar o período dun ano e se resolverse doutra maneira pero entendendo que é un contrato moi sensible do que é necesario evitar unha situación de precario.

Seguidamente, vótase sobre a urxencia de tratar este asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes.

A continuación a secretaría dá lectura á proposición da Alcaldía do 2024-04-02 que consta no expediente, aclarando que non está ditaminada, e que se reproduce a continuación literalmente:

«Proposta de prórroga da contratación do servizo de Axuda no Fogar no Concello de Sada.

Por acordo do Pleno Municipal de Sada do 28/04/2022, adjudicouse o contrato do servizo de Axuda no Fogar no Concello de Sada á empresa SACYR SOCIAL S.L., co CIF B85621159, por un período de dous anos, entre o 1 de xuño de 2022 ao 31 de maio de 2024.

En febreiro de 2024 a adjudicataria cambia a súa denominación a SERVEO SOCIAL, S.L.U., mantendo o mesmo CIF.



O documento de formalización do contrato estipula que terá unha duración de dous anos, coa posibilidade de dúas prórrogas de un ano cada unha.

No seu momento non se designou responsable do contrato, polo que o día 19/03/2024, a Coordinadora da Área de Benestar Social do Concello de Sada presenta informe-proposta de concesión de prórroga do contrato por un ano.

Consta preaviso aos contratistas para a prórroga do contrato, notificado o día 25/03/2024. O artigo 29 da LCSP prevé que a prórroga será obrigada para o contratista sempre que o preaviso da administración se produza cunha antelación mínima de dous meses á finalización do prazo de duración, situación que se da no presente caso.

Consta informe da secretaría municipal de data 02/04/2024 favorable á prórroga do contrato.

Consta informe da intervención municipal de data 02/04/2024 favorable á prórroga do contrato.

Por todo o anterior,

Proponse a adopción do seguinte acordo:

1º. Prorrogar o contrato do servizo de Axuda no Fogar no Concello de Sada, coa empresa SERVEO SOCIAL, S.L.U., co CIF B85621159, por un prazo de 1 ano, contado desde o día 01/06/2024 ao 31/05/2025.

2º. Dispoñer o gasto con cargo a aplicación orzamentaria 2310.22749 do vixente Presuposto municipal.

3º. Designar como responsable do contrato a Ana Cobas García, Coordinadora da Área de Benestar Social do Concello de Sada, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º. Notificar este acordo á empresa adjudicataria, sinalado que a prórroga é obrigatoria, posto que o preaviso da administración se produciu cunha antelación mínima de dous meses á finalización do prazo de duración do contrato, cumprindo co establecido no artigo 29 da LCSP».

Abre o debate a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego, cunha exposición xeral. Intervenñen tamén no debate o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a secretaria, facendo unhas aclaracións; a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); a sra. Arias Ferreiro (PP); a sra. Salorio Porral (UPSA), quen anuncia que o seu grupo hase abster e pregunta se houbo xuntanzas cos representantes da empresa e lles expuxeron as súas necesidades e demandas.

A concelleira delegada de servizos socia, sra. Martínez, di que están en contacto coa empresa e están tratando os asuntos, pero hai que prorrogar para que o contrato non quede en precario.

Intervén novamente a sra. Salorio para sinalar que é mellor prorrogar a que quede en precario pero era algo que se tiña que ter realizado correctamente e as traballadoras non cre que aceptaran esas condicións; o presidente, sr. Portela Fernández (SM), di que tamén outros contratos están en precario podéndose ter tido practicado a prórroga e que chegaron ao goberno e se atoparon así. No referido ao asunto di que evidentemente a empresa preferiría que se lle pagara máis por hora pero tamén houbo moito absentismo coa covid que agora non hai e o sector non ten convenio vixente e as subidas vincúlense ao IPC.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 4 PP, e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 4 UPSA.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1º. Prorrogar o contrato do servizo de Axuda no Fogar no Concello de Sada, coa empresa SERVEO SOCIAL, S.L.U., co CIF B85621159, por un prazo de 1 ano, contado desde o día 01/06/2024 ao 31/05/2025.

2º. Dispoñer o gasto con cargo a aplicación orzamentaria 2310.22749 do vixente Presuposto municipal.

3º. Designar como responsable do contrato a Ana Cobas García, Coordinadora da Área de Benestar Social do Concello de Sada, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares.



4º. Notificar este acordo á empresa adxudicataria, sinalado que a prórroga é obrigatoria, posto que o preaviso da administración se produciu cunha antelación mínima de dous meses á finalización do prazo de duración do contrato, cumprindo co establecido no artigo 29 da LCSP.

4º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 26 de febreiro (núm. 345) ata o 21 de marzo do 2024 (núm. 531).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos e das Resolucións ditados pola Alcaldía dende o día 26 de febreiro do 2024 (núm. 345, do expediente 2024/G003/000371) ata o 21 de marzo do 2024 (núm. 531, do expediente 2024/G003/000550), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

Non se presentaron.

C. Rogos e preguntas.

Polo Grupo Mixto-BNG, o sr. Graña Mosquera pregunta pola estimación do inicio das obras do campo de fútbol de Carnoedo.

Contesta a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude.

A sra. Pena Álvarez (GM-BNG) fai os seguintes rogos:

1º.- Que non se lles abarrote de documentación o mesmo día da sesión.

2º.- Que se efectúe unha campaña cívica completa de educación ambiental para manter Sada limpa e ordenada (limpeza e integración na contorna de contedores do lixo e outros).

A sra. Pena formula tamén as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta sobre o arranxo da pista de patinaxe, dando lectura a un escrito que di que é dun pai preocupado.

2ª.- Pregunta por que non se solicitaron diferentes subvencións, que relaciona.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), indica que se contestará por escrito a esta segunda pregunta porque concorren distintas razóns.

Sobre a pista de patinaxe contesta a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, que di que tiveron unha reunión co clube e non está lista a pista porque hai que resolver o contrato coa empresa anterior para continuar a obra coa nova empresa e se fixo un escrito para enviar ao Consello consultivo e se está a espera de que responda. O presidente, sr. Portela, sinala que é a terceira vez que vai ao Consello consultivo, no primeiro caso non resolveu porque había unha confusión, porque había un expediente de penalidades e outro de danos e prexuízos e resolución de contrato e enriba se facía a proposta e despois a responsabilidade patrimonial que pedira a empresa e a día de hoxe aínda pode alegar a empresa e se se opón á resolución do contrato habería que volver ao consello consultivo para proceder á resolución. Intervén tamén o sr. España López (PP) para preguntar “hoxe” a que data e responde o sr. Alcalde que non depende deles e replica o sr. España López que se estivera todo correcto non se estaría así despois de dous anos e medio.

A sra. Arias Ferreiro (PP) a colación dunha pregunta realizada na comisión informativa xeral ordinaria sobre si na semana santa se contaba con policía dado os actos que se celebran e contestaron que si e, sen embargo, nas procesións do venres de Dolores, do domingo de Ramos e do venres de Semana Santa non houbo policía e pregunta se foi elaborado un plan de seguridade para os actos da Semana Santa descritivo dos efectivos participantes e as súas funcións con relación á falta de Policía Local, mentres que di que si se prestou colaboración por parte da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Bergondo.



A sra. Taibo Fernández replícalle que non minta.

A sra. Arias Ferreiro dille que a ela non lle chame *mentirosa*.

A sra. Taibo Fernández dille que ela si llo chama e recórdalle que dixo “*la semana que viene es Semana Santa, espero que hagáis algo para tener policía*” e nese momento lle contestou “a día de hoxe acabo de *enterarme* dunha baixa mais, hai cinco funcionarios de baixa” e na semana dos eventos había seis funcionarios de baixa.

Intervén o sr. España López para preguntarlle se buscar un enfrontamento directo leva a algo.

Ao que a sra. Taibo Fernández di que fala da realidade.

Pídelle o sr. España López que se queren ser serios comecen a selo agora.

Ao que replica a sra. Taibo Fernández: “vostede a min non me da leccións, eso para empezar”.

O sr. Alcalde interrómpea e pídelle que teña calma e se limite a dar os datos.

A sra. Arias deseguido fai tamén os seguintes rogos:

1º.- Con respecto do antes preguntado, roga que de ser o caso se lles facilite o dito plan de seguridade antes da vindeira sesión da Comisión Informativa Especial de Seguridade Cidadá.

Intervén para os efectos desta pregunta e rogo relacionado a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal e comenta: “eu non lle dixen nin que si nin que non”. Interveñen tamén o sr. España López (SM), o presidente, sr. Portela Fernández (SM) e a sra. Arias.

2º.- Roga que se convoque a Comisión Informativa de Urbanismo, para tratar temas como o da conservación do edificio de La Terraza, o da ampliación do colexio e máis o amaño da calzada da avenida de Sada y sus Contornos, de plans especiais como o de Veigue ou o de Carnoedo, ou de resolver temas como o de O Meu Lar ou o da aprobación definitiva do plan xeral de ordenación municipal da APT-UEI-8 (zona da avenida do párroco Villanueva, antes U.E.-2).

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM), efectuando aclaracións sobre os diversos asuntos e establecendo un pequeno debate coa sra. Arias para os efectos.

3º.- Roga que o equipo de goberno teña tamén a iniciativa da xenerosidade pola que eloxiou na sesión anterior ao BNG e ao Partido Popular por teren deixado a un lado as súas respectivas mocións sobre igualdade presentadas con motivo do 8-M en favor dun texto pactado en común (declaración institucional) sobor da dita temática, con manifestos en común corporativos en lugar de invitalos só a participar dun manifesto como aconteceu o 8-M nun acto na praza.

A sra. Val Armesto (PP) formula as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta se o que hai en Sada é unha Mesa Sectorial de Comercio ou unha Mesa Local de Comercio.

O sr. Berrocal Fariña, concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá, aclara que o que hai é unha Mesa Local de Comercio.

2ª.- Pregunta por quen forma a dita Mesa Local de Comercio.

3ª.- Pregunta se existe algunha Mesa máis no concello de Sada.

O sr. Berrocal indica que ha contestar por escrito coa maior brevidade, para facilitar unha información clara. O sr. España López (PP) fai un comentario.

A sra. Val tamén fai os seguintes rogos:

1º.- Roga que os distintos grupos municipais poidan estar representados na dita Mesa Local de Comercio e noutras que haxa.



2º.- Roga que se poñan a traballar con urxencia nunha planificación que entenden que aínda non hai de cara a todo o que vén, e que di que é moito.

O sr. Lonja Tajés (PP) expón os seguintes rogos:

1º.- Indica que seguen a estar sen recibir resposta sobre a súa petición do informe técnico sobre as lombas reductoras da velocidade instaladas na avenida da Mariña; a sra. Arias Ferreiro (PP) puntualiza que se están a referir aos informes de avaliación logo da conclusión da obra, non ao informe técnico, así como que tampouco se lles facilitou o informe da Policía Local.

O sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, dá lectura ao informe técnico e explicacións, debatendo brevemente coa sra. Arias.

2º.- Na mesma liña, refírese a un incidente que semella que ocorreu cunha cadeira de rodas á altura do núm. 34 hai pouco, debido a un sumidoiro que quedou mal posto; as sras. Arias e Val completan a referencia, indicando que o problema realmente é que non se elevou o sumidoiro ata a altura da vía, polo que quedou un oco e que por iso caeu unha persoa que ía nunha cadeira de rodas.

O sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, di que o revisarán.

3º.- Tamén roga que se traballe con relación a diversos amaños e mantemento necesarios como da avenida de Sada y sus Contornos, das beiravías de Labarrosa cara a Sada y sus Contornos, das lastras e das beiravías da avenida de Linares Rivas, das beiravías da avenida de Isaac Díaz Pardo cara a Samoedo, o Castro, tanto polo estado de deterioro que presentan como pola seguridade física dos transeúntes, viandantes e veciños.

O sr. España López (PP), logo duns comentarios relacionados con intervencións anteriores, roga con relación ás obras que se poñan as condicións e todos os medios para que os empregados municipais poidan desenvolver o seu traballo dunha maneira eficiente e resolutive, tendo como se vai ter o orzamento máis elevado da historia do concello de Sada.

O sr. Blanco González (UPSA) pregunta con relación á piscina municipal se xa se amañou o problema de como incluír no prego de condicións a nomenclatura das máquinas que se solicitaran.

Contesta a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude.

A sra. Salorio Porral (UPSA) pregunta, sen prexuízo da corrección do servizo prestado, por que está a enterrar unha empresa particular cando hai un enterrador en nómina do concello e outros cinco traballadores que cobran complemento para substituílo, se é que faltan os seis cando pasa isto.

Contesta o sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente que contouse con unha empresa privada e “o enterrador está de vacacións e hai cinco persoas mais que poden na súa RPT substituír ao enterrador, unha delas está de baixa e as outras catro pois en principio non están o suficientemente preparados para facer ese traballo”.

A sra. Salorio Porral conclúe, do dito polo concelleiro delegado, que cobran un complemento para facer un traballo para o que non están preparados.

O sr. Fariña Andrade continúa a intervir: “a historia é que levaban sen facelo moitísimos, moitísimos anos e había que formarse antes de poñerse a enterrar.

Volve a concluír a sra. Salorio Porral moitísimos anos cobrando e sen formarse, resulta moi esclarecedor.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) fai os seguintes rogos:

1º.- Roga que se lle dean aclaracións con relación á resposta que di que obtivo por escrito a unha pregunta que formulara na sesión anterior sobre por que non estaba a fichar o persoal municipal, en concreto o parágrafo:



“Atendendo a estas premisas, dende o Concello de Sada iniciouse da man da Deputación da Coruña a implementación dun novo sistema de control horario a través da fichaxe vía web, ampliable a app de móbil (con xeolocalización única e exclusivamente do lugar no momento da fichaxe), empregando como medio de identificación o correo electrónico corporativo.

Prevía a implementación efectiva do sistema, é preciso facer unha diagnose dos horarios actuais, negociar e aprobar os cambios a considerar sobre os mesmos, definir o alcance da xornada laboral semanal (MXN 01.03.23) e ditar as instrucións precisas referidas á regularización de cuestións como devolución de saldos, permisos especiais, etc....”.

Preguntando se agora por que hai que determinar unha xornada, se non sabemos cal é a xornada, o convenio existente, o horario, que a fichaxe é obrigatoria e di que xa había un sistema da Deputación.

A sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, di que contestará por escrito, mais di que lle aclara algo: a xornada dos funcionarios legalmente son as 37 horas e media, pero vostede negociou 35, hai resolución ou decreto nese sentido?

A sra. Nogareda Marzoa replica que fala das 35, xa non fala das 37,5, pero cando se negociaron as 35 foi para cando eso estivese establecido.

2º.- Con respecto do expediente da pista de patinaxe, do que di que nel se expresa que hai que resolver o contrato, e logo de que o presidente, sr. Portela Fernández (SM), aclárase que se trata dunha proposta que se enviou ao Consello Consultivo sobre a que non se pronunciou porque propoñían varias cousas, a concelleira roga que se revise un posible erro que detectou, xa que no medio do decreto fálase da renovación dos servizos do Tarabelo, por se vai ao Consello Consultivo.

3º.- Roga que se tomen medidas para depurar as responsabilidades que correspondan logo de comprobar que a contía (non aprobada) de 3 euros do prezo público para a Festa da Filloa en 2023 figuraba xa no estudo económico do ano 2022, aprobado polo sr. Portela, pois entende que poñer o acento só no ano 2023, como indica que se reflicte na aprobación da urxencia da sesión da Xunta de Goberno Local do 5 de febreiro do 2024 (*para evitar facer a “chapuza” do ano pasado porque se cobrou un prezo público que non estaba publicado*), esquecendo referirse tamén ao ano 2022, non responde para o grupo da concelleira a un ánimo de mellora senón que perciben que agocha un afán de crítica.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), fai uns comentarios para os efectos: “cando me refiro a unha chapuza non entro en quen a fixo nin que a deixou de facer, estamos corrixindo algo que se estaba facendo mal e punto”.

A sra. Nogareda Marzoa insiste lendo textualmente “o alcalde engade que é para evitar facer a chapuza do ano pasado” non dos anos pasados, e dille que aí tivo un leve lapsus, faltoulle o plural.

No que atinxe ao contrato de mantemento dos xardíns, do que a sra. Nogareda explica a razón de non se ter renovado no seu momento, formula dúas preguntas:

1ª.- Pregunta se están a traballar todos os traballadores, xa que terían que estar catro persoas.

2ª.- Pregunta se hai algún problema coa maquinaria, logo de detectar que se está a segar a pradería con rozadoira e non propiamente con cortadora de céspede.

Contestan o presidente, sr. Portela Fernández (SM), e o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente. Participa dun pequeno debate tamén a sra. Nogareda relativo á renovación dos contratos dos servizos de mantemento de xardíns e zonas verdes e de limpeza viaria e de praias.

A continuación a sra. Nogareda diríxese á sra. Taibo para lle dicir con respecto da Policía Local que hai que tramitar o expediente cos requisitos que corresponden, como lle indicaron, se quere que voten a favor da modificación puntual da RPT.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2024/G010/000006

A sra. Nogareda fai un último rogo (4º), con respecto a unha posible municipalización do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para que se traballen os pregos en condicións e deixen de estar en precario por anos, contestando o presidente, sr. Portela Fernández e debatendo brevemente coa sra. Nogareda.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 22 minutos do día martes 02 de abril do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.